

# FINANCIAMENTO LOCAL

## As contas de 2013: análise da participación nos ingresos do estado e fondo de cooperación local

**Conforme ao estipulado nas Leis de Orzamentos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, a participación dos concellos galegos nos ingresos doutras administracións ascenderá a un total de 680 Millóns de Euros, 567,7 en concepto de entregas a conta pola Participación nos Ingresos do Estado e 112,3 correspondentes á participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, o chamado Fondo de Cooperación Local.**

### ANÁLISE DO REPARTO DA PIE

O crecemento da entrega a conta correspondente aos concellos galegos en concepto de participación nos ingresos do Estado para o ano 2013 incrementábase nun **19,39 %** respecto ao ano 2012, un punto por debaixo da media xeral, polo que crece un ano máis o diferencial dos nosos concellos (**204€ por habitante**) fronte ao total estatal (**253,5€ por habitante**).

O resultado é que dende a aplicación do novo modelo no ano 2004, o diferencial negativo en termos poboacionais entre o percibido polos concellos galegos e a media estatal está en torno aos **1.000 Millóns de Euros**, o que amosa que o reparto prexudica de xeito inxusto e discriminatorio a Galicia.

#### Réxime Xeral

Trala incorporación do Concello de Ferrol o pasado ano, no Réxime Xeral intégranse 309 dos 315 concellos de Galicia, que percibirán unha cantidade total de **338,4 Millóns de Euros** (incluída a compensación establecida pola supresión do IAE), un **18,10 %** máis que no ano 2012.

Pero cabe apuntar que, pola aplicación dos criterios de reparto establecidos para este Réxime (Poboación, Esfuerzo Fiscal e Inverso da Capacidade Tributaria), o

Cabe aclarar que nas entregas mensuais da maior parte dos concellos descontábase unha cantidade correspondente aos reintegros que deben realizar a como consecuencia da liquidación negativa dos anos 2008 e 2009. Así mesmo, e nalgúns casos, tamén se reterá outras cantidades por compensación de débedas, onde se inclúen contías do plan de pago aos provedores.

En relación ao FCL, os orzamentos da Xunta de Galicia están neste intre en período de trámite parlamentario, polo que a contía definitiva podería ser modificada, coa integración dalgunha contía adicional.

crecemento de cada concello ten una variabilidade moi heteroxénea, de tal xeito que 51 concellos galegos crecen por debaixo do 10%, e mesmo 7 deles percibirán unha contía inferior respecto a 2012. Pola contra, 15 concellos galegos aumentarán a súa participación por enriba do 25%, e 5 deles superarán o 30%.

O criterio de Poboación introduce un coeficiente que discrimina aos concellos segundo o tramo de poboación no que estean ubicados, primando a aqueles con maior número de habitantes. Así, e para o ano 2013, os concellos menores de 5.000 habitantes perciben por efecto deste criterio 111 € por habitante, os que están situados no tramo de 5.001-20.000 habitantes 130 € por habitante, os concellos entre 20.001-50.000 habitantes 145 € por habitante e os municipios que contan entre 50.000 e 75.000 habitantes 156 € por habitante. A gran incidencia prodúcese cando un concello descende de tramo, o que lle aconteceu a varios concellos galegos nos últimos anos. En 2013, Cuntis, Mondariz e Illa de Arousa sufriron esta circunstancia, con efectos perceptibles na entrega a conta, que tamén se trasladará á futura liquidación da PIE correspondente ao ano 2012.

O criterio de Esfuerzo Fiscal é metodologicamente inxusto, dado que pretende valorar a corresponsabilidade fiscal, pero remata favorecendo aos concellos con maior capacidade económica. En Galicia, tan só 67 dos 309 concellos incluídos no Réxime Xeral (o 21,5 %) teñen un índice de esforzo fiscal superior a 1, conforme á fórmula utilizada polo Estado para o seu cálculo, que tan só ten en conta tres tributos municipais: O IBI, o IAE e o IVTM. En termos xerais, estes concellos teñen ratios de desenvolvemento económico superiores aos demais, o que produce finalmente un cuestionable incremento do desequilibrio financeiro entre os distintos municipios.

Finalmente, o criterio "Inverso da Capacidade Económica", un ano máis, volve a ter un protagonismo central no menor crecemento ou no decrecemento da contía de moitos concellos respecto ao ano anterior. Neste ano, sumamos 24 concellos afectados, que se engaden aos moitos concellos que sufriron as consecuencias desta variable de reparto dende o ano 2004.

Como valoración xeral, e conforme aos resultados acadados nos distintos anos

do período, é evidente que as variables utilizadas para o reparto xeran desigualdades, ineficiencias, desequilibrios e inestabilidade nos concellos e entre os concellos.

Fronte a estes criterios, estimamos que sería necesario a introdución de variables que tiveran un carácter máis obxectivo, en base aos cometidos que teñen que desenvolver ás entidades locais. Unido ao criterio de número de habitantes, paliando as esaxeradas diferenzas que se producen entre concellos en función do tramo no que estean integrados, e de variables que midan de xeito obxectivo a corresponsabilidade fiscal, deben incorporarse criterios que valoren o custo que os concellos asumen na prestación dos servizos.

Envellecemento, superficie e entidades de poboación, propostos de xeito reiterado pola FEGAMP

e avalados unanimemente polo Parlamento de Galicia, son factores que inflúen directamente nese custo dos servizos, conforme ao actual marco competencial dos concellos. Estimamos máis adecuados e obxectivos estes variables que algún dos cuestionables criterios que se aplican actualmente.

### Réxime de Cesión

Os concellos galegos integrados no Réxime de Cesión son seis: Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago de Compostela e Pontevedra. A suma das entregas a conta destes concellos para o ano 2013 ascenderá a **229,3 Millóns de Euros**, un **21,36 %** máis con respecto ao ano anterior, tres puntos por encima dos municipios galegos integrados no Réxime Xeral.

A diferenza do modelo anterior, o sistema de Cesión é moi homoxéneo na variación anual, dado que

os seis concellos crecen en porcentaxes similares á media. A cuestión é que a desigualdade que se produce entre os distintos concellos en canto á participación por habitante parte do Modelo anterior, que consolidou uns desequilibrios que se plasman nos resultados finais ano tras ano, e que favorecen de xeito desproporcionado aos concellos maiores de 500.000 Habitantes.

Como exemplos, podemos apuntar que no ano 2013, o Concello de Málaga, que conta con 567.000 Habitantes, percibirá a mesma contía que os seis concellos galegos integrados neste Modelo, que suman máis de 900.000 Habitantes. O concello de Barcelona, pola súa banda, que ten 1,6 Millóns de habitantes, recibe o dobre da contía percibida polos 315 concellos de Galicia, que contan con 1 millón de habitantes máis.

## A PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA: O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL

No artigo 60 do Proxecto de Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia régúlase a dotación do Fondo de Cooperación Local para o ano 2013. Tal e como dispón, o índice de evolución correspondente á recadación dos Capítulos I, II e III, dos que participan os concellos galegos, foi negativo respecto aos anos anteriores, polo que os municipios percibirán como Entrega a Conta

**112,3 Millóns de Euros**, a mesma cantidade que hai dous anos e 2,28 Millóns menos que no 2012.

Por elo, non haberá fondos adicionais, e os novos criterios de reparto aprobados o ano anterior non terán efecto inicialmente no 2013. Os concellos percibirán as cantidades do chamado Fondo Base, conforme aos índices contidos na propia Lei de Orzamentos, e que

garanten a contía percibida como entrega a conta no ano 2010.

As expectativas de incremento desta cifra, conforme á proposta realizada pola FEGAMP, estarían en función da posible integración no Fondo de Cooperación Local dalgunhas contías das liñas financeiras previstas no Orzamento da Xunta de Galicia para os concellos en concepto de axudas e subvencións.



# EN NÚMEROS:

As contas de 2013: análise da participación nos ingresos do Estado e Fondo de Cooperación Local

## ENTREGA A CONTA FONDO COOPERACIÓN LOCAL 2013 POR COMARCAS

COMARCA	IMPORTE	POB2012	Km <sup>2</sup>	Entidades	€/Habitante
Arzúa	1.083.212	17.226	485,00	582	62,88
Barbanza	2.392.869	68.336	246,80	387	35,02
Barcala	600.354	11.046	213,10	192	54,35
Bergantiños	3.072.466	69.834	744,20	1.011	44,00
Betanzos	2.185.094	39.419	677,00	1.086	55,43
Coruña	11.464.369	398.025	469,80	827	28,80
Eume	1.322.481	26.124	538,70	669	50,62
Ferrol	5.089.001	161.541	623,50	1.362	31,50
Fisterra	1.203.256	23.136	339,60	254	52,01
Melide	807.708	12.679	367,20	540	63,70
Muros	632.967	14.042	143,80	112	45,08
Noia	1.483.983	35.269	325,10	480	42,08
Ordes	1.960.227	38.411	754,70	729	51,03
Ortegal	995.095	13.772	391,70	589	72,25
Santiago	6.057.748	164.519	689,50	872	36,82
Sar	798.833	16.730	177,30	211	47,75
Soneira	947.221	19.168	372,50	231	49,42
Xallas	789.724	14.634	391,00	231	53,97
Ancares	1.261.561	11.330	1.048,70	562	111,35
Chantada	842.001	14.536	462,20	651	57,93
Fonsagrada	705.575	5.859	679,50	427	120,43
Lemos	1.855.474	32.813	940,40	1.044	56,55
Lugo	4.439.410	120.737	1.362,90	1.332	36,77
Mariña Central	1.483.016	30.323	500,90	588	48,91
Mariña Occidental	1.341.997	27.140	494,80	736	49,45
Mariña Oriental	975.390	17.126	399,80	416	56,95
Meira	597.598	5.638	311,70	252	105,99
Quiroga	668.792	5.813	578,00	211	115,05
Sarria	1.587.007	24.170	836,20	919	65,66
Terra Cha	2.909.766	43.573	1.822,70	2.105	66,78
Ulloa	690.999	9.844	417,90	518	70,19
A Limia	1.839.538	22.823	801,70	251	80,60
Allariz Maceda	1.161.620	15.060	382,10	294	77,13
Baixo Limia	884.626	8.212	530,50	164	107,72
Caldelas	591.526	3.443	313,20	248	171,81
Carballiño	1.913.529	28.891	552,30	595	66,23
Celanova	1.710.744	20.057	508,90	571	85,29
Ourense	4.747.646	146.135	623,10	717	32,49
Ribeiro	1.564.964	18.369	407,10	268	85,20
Trives	685.515	4.660	431,70	145	147,11
Valdeorras	1.850.682	27.724	969,20	167	66,75
Verín	1.818.485	28.261	1.007,10	169	64,35
Viana	817.411	6.622	746,30	95	123,44
Baixo Miño	1.788.829	51.096	322,80	402	35,01
Caldas	1.543.445	35.154	288,60	377	43,91
Condado	1.738.769	42.917	341,00	680	40,51
Deza	2.514.665	42.630	1.026,70	1.062	58,99
Morrazo	2.398.857	83.313	140,70	220	28,79
Paradanta	878.878	14.000	333,20	629	62,78
Pontevedra	3.913.256	124.075	624,00	703	31,54
Salnés	3.945.543	111.541	275,20	554	35,37
Taboairós	1.521.876	27.489	529,00	616	55,36
Vigo	10.297.210	426.213	613,40	998	24,16
TOTAL	112.372.806	2.781.498	29.573,80	30.051	40,40

**ENTREGAS A CONTA  
PIE CONCELLOS  
RÉXIME XERAL  
E CESIÓN  
COMUNIDADES  
CON IAE  
(Año 2013)**

> **CONCELLOS  
GALEGOS**

Publicación da  
Federación Galega  
de Municipios  
e Provincias

COMUNIDADES	ENTREGA A CONTA ANO 2013					COMPARATIVA ANOS 2012-2013	
	Pob 2012	Partic 2013	% Pob	% Part	Euros/Hab	Incremento 2012/2013	Crecedemento €/Hab
Andalucía	8.449.985	2.000.454.793	19,02%	17,76%	236,74	20,44%	39,57
Aragón	1.349.467	379.952.316	3,04%	3,37%	281,56	20,27%	46,90
Asturias	1.077.360	239.253.268	2,42%	2,12%	222,07	20,11%	37,89
Baleares	1.119.439	230.663.370	2,52%	2,05%	206,05	22,06%	36,28
Canarias	2.118.344	455.562.139	4,77%	4,05%	215,06	18,62%	34,48
Cantabria	593.861	123.285.496	1,34%	1,09%	207,60	20,06%	34,47
Castilla-León	2.546.078	518.324.956	5,73%	4,60%	203,58	19,52%	34,07
Castilla-La Mancha	2.121.888	389.402.477	4,78%	3,46%	183,52	19,98%	30,09
Cataluña	7.570.908	2.337.963.104	17,04%	20,76%	308,81	20,48%	51,43
Ceuta	84.018	17.906.451	0,19%	0,16%	213,13	22,41%	35,55
Extremadura	1.110.654	209.079.075	2,50%	1,86%	188,25	18,83%	29,64
<b>Galicia</b>	<b>2.781.498</b>	<b>567.687.152</b>	<b>6,26%</b>	<b>5,04%</b>	<b>204,09</b>	<b>19,39%</b>	<b>34,00</b>
Madrid	6.498.560	2.213.673.620	14,63%	19,66%	340,64	20,56%	57,71
Melilla	80.802	17.474.564	0,18%	0,16%	216,26	23,25%	35,59
Murcia	1.474.449	302.649.610	3,32%	2,69%	205,26	21,35%	35,60
La Rioja	323.609	65.547.331	0,73%	0,58%	202,55	20,02%	33,45
Valencia	5.129.266	1.192.289.119	11,54%	10,59%	232,45	20,55%	39,17
<b>TOTAL</b>	<b>44.430.186</b>	<b>11.261.168.839</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>	<b>253,46</b>	<b>20,31%</b>	<b>42,48</b>

15

> REPORAXE: CANON DA AUGA

**ENTREGAS A CONTA  
PIE CONCELLOS  
RÉXIME XERAL  
E CESIÓN  
TRAMOS POBOACIÓN  
CON IAE  
(Año 2013)**

(\* ) Excluídos concellos de País Vasco e Navarra

COMUNIDADES (Habitantes)	ENTREGA A CONTA ANO 2013					COMPARATIVA ANOS 2012-2013	
	Pob 2012	Partic 2013	% Pob	% Part	Euros/Hab	Incremento 2012/2013	Crecedemento €/Hab
Ata 100	59.447	10.322.190	0,13%	0,09%	173,64	10,22%	21,06
Entre 101-1.000	1.311.789	221.594.526	2,95%	1,97%	168,93	15,64%	24,91
Entre 1.001-5.000	4.146.796	684.979.365	9,33%	6,08%	165,18	18,76%	26,42
Entre 5.001-10.000	3.658.018	672.772.410	8,23%	5,97%	183,92	19,49%	29,52
Entre 10.001-20.000	4.691.557	870.758.139	10,56%	7,73%	185,60	20,27%	30,38
Entre 20.001-50.000	7.090.594	1.423.916.274	15,96%	12,64%	200,82	20,30%	33,00
Entre 50.001-75.000	2.997.515	650.797.792	6,75%	5,78%	217,11	20,19%	35,50
Entre 75.001-100.000	2.758.044	577.605.440	6,21%	5,13%	209,43	21,82%	36,07
Entre 100.001-500.000	10.115.516	2.451.108.265	22,77%	21,77%	242,31	21,38%	42,58
Máis de 500.000	7.600.910	3.697.314.437	17,11%	32,83%	486,43	20,18%	82,91
<b>TOTAL</b>	<b>44.430.186</b>	<b>11.261.168.839</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>	<b>253,46</b>	<b>20,31%</b>	<b>42,48</b>

**CONCELLOS CON MAIOR  
CRECEMENTO PORCENTUAL  
ENTREGA CONTA PIE  
RESPECTO 2012**

PROVINCIA	CONCELLO	PORCENTAXE
LUGO	SAMOS	41,67%
OURENSE	PADRENDA	37,98%
LUGO	PORTOMARIN	36,16%
PONTEVEDRA	TOMIÑO	32,58%
A CORUÑA	SOBRADO	30,78%
LUGO	NOGAIS (AS)	29,32%
A CORUÑA	MESIA	28,32%
LUGO	OUTEIRO DE REI	27,91%

**CONCELLOS CON  
DECRECEMENTO  
ENTREGA CONTA PIE  
RESPECTO 2012**

PROVINCIA	CONCELLO	PORCENTAXE
LUGO	RIBEIRA DE PIQUIN	-21,52%
PONTEVEDRA	ARBO	-13,17%
PONTEVEDRA	DOZON	-12,22%
PONTEVEDRA	CAÑIZA (A)	-9,13%
PONTEVEDRA	CERDEDO	-6,93%
PONTEVEDRA	PONTE CALDELAS	-1,07%
PONTEVEDRA	MONDARIZ	-0,80%
OURENSE	PIÑOR	-0,49%